

**ANEXO IV**  
**SOLICITUDE DE COBRAMENTO DE SUBVENCIÓN**

BENEFICIARIO		NIF / CIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO		SUBVENCIÓN CONCEDIDA	
ANO 2005	_____ €	ANO 2005	_____ €
ANO 2006	_____ €	ANO 2006	_____ €
ANO 2007	_____ €	ANO 2007	_____ €
<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €
INVESTIMENTO XUSTIFICADO			
ANO 2005	_____ €	ANO 2005	_____ €
ANO 2006	_____ €	ANO 2006	_____ €
ANO 2007	_____ €	ANO 2007	_____ €
<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €

Don/Dona \_\_\_\_\_, en nome e representación de \_\_\_\_\_, titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do \_\_\_\_\_ de 200\_\_.

**EXPÓN:**

Que tendo executado o investimento relativo a \_\_\_\_\_, na súa fase \_\_\_\_\_, que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables, para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo do \_\_\_ / \_\_\_ / 200 \_\_, por un importe de \_\_\_\_\_ €.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da fase \_\_\_\_\_ da subvención concedida, consonte o sinalado no artigo 9º da antedita orde, achégase, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

- FACTURAS E CERTIFICACIÓN DE OBRAS POR CONCEPTOS, ASINADAS POLO TÉCNICO DIRECTOR DE OBRA.
- SE FOR O CASO, CERTIFICACIÓN DE FIN DE OBRA.
- LICENZA URBANÍSTICA QUE POSIBILITASE A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO SUBVENCIONADO, E AUTORIZACIÓNS PERTINENTES DE ACORDO COA LEXISLACIÓN DE COSTAS E DE PORTOS.
- CERTIFICADO DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COAS FACENDAS DO ESTADO E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL.
- ACTA DE MANIFESTACIÓNS DO PROPIETARIO EN ESCRITURA PÚBLICA ONDE SE RECOLLAN OS COMPROMISOS E OBRIGAS A QUE SE FAI REFERENCIA NO ARTIGO 4º E NO ANEXO II DA PRESENTE ORDE. ESTE DOCUMENTO SERÁ OBRIGATORIO PRESENTALO COA PRIMEIRA SOLICITUDE DE PAGAMENTO.
- ANTES DO DERRADEIRO ABOAMENTO OS BENEFICIARIOS DEBERÁN ACHEGAR DECLARACIÓN DE CONXUNTO DAS AXUDAS SOLICITADAS, TANTO APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN, PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES.
- GARANTÍA OU AVAL E XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO SEGUNDO O ESTABLECIDO NO DECRETO 287/2000, DO 21 DE DECEMBRO, POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**SOLICITA:**

Que se lle liquide a \_\_\_\_\_ titular do expediente de referencia a subvención concedida polo importe de \_\_\_\_\_ € e que se corresponden á execución da \_\_\_\_\_ fase do investimento aprobado e que representa o \_\_\_\_\_ % do investimento subvencionable que se xustifica.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.  
O titular da subvención

Don/Dona: \_\_\_\_\_

## CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

*Orde do 11 de xaneiro de 2005 pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de material para o Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Sapraga), para misións de protección civil, aos concellos e mancomunidades de concellos galegos.*

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25.2º, letra c), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82), determina que o concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía da participación dos seus cidadáns en diferentes materias e, entre elas, a protección civil xa que, ante unha situación de emerxencia que poida poñer en perigo a vida dos cidadáns ou as súas pertenzas, o concello será o primeiro en actuar tanto en tempo de resposta como en mobilización de recursos.

Así mesmo, a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil, establece a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns á protección civil a través de organizacións que se orientarán, principalmente, á colaboración e apoio en situacións de emerxencia; actitude fundamentalmente desenvolta polas agrupacións de voluntarios de protección civil na maior parte dos concellos para poder cumprir a normativa vixente en materia de protección da súa comunidade veciñal.

Conforme o Decreto 226/2003, do 11 de abril, mediante o que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, correspóndelle a esta consellería entre outras competencias, as de protección civil.

De acordo co Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, a Administración autonómica colaborará na dotación de medios e recursos necesarios á Administración local para a súa actuación en materia de protección civil.

A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, consciente da magnitude e transcendencia dos valores que están en xogo nas situacións de emerxencia, así como das necesidades que se xeran e os recursos humanos e materiais que é preciso mobilizar, continuando a liña de anos anteriores, quere dotar de medios axeitados aos concellos para o cumprimento dos seus labores en materia de protección civil, para o Plan de Salvamento en Praias

de Galicia (Plan Sapraga), revisado e actualizado por Resolución do 22 de maio de 2001 (DOG do 19 de xuño).

Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións -os seus preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira-, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, establécense os requisitos xerais ás subvencións e axudas concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia, se adaptará a esta orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

De acordo co exposto, preténdese por medio desta orde regular o procedemento e requisitos para a cesión en propiedade de material de salvamento en praias aos concellos e mancomunidades de concellos da Comunidade Autónoma galega, segundo se recolle no Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Sapraga).

Por todo isto,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, co fin de colaborar cos concellos e mancomunidades de concellos facilitándolles o exercicio das súas competencias na atención e seguridade dos usuarios nas praias, cederalles material de salvamento.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Para poder acceder aos beneficios outorgados mediante esta orde, os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer polo menos dunha praia marítima ou fluvial que estea incluída no Plan Sapraga ou que estea controlada polas autoridades sanitarias da Xunta de Galicia.

b) Que nos seus orzamentos anuais dispoñan dunha cantidade destinada a temas de seguridade e protección civil, especialmente en salvamento de praias.

c) Dispor dun número axeitado de socorristas con titulación.

d) Dispor de Servizo Municipal de Protección Civil ou, no seu defecto, de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Artigo 3º.-Crédito.

Para a consecución do obxectivo ao que se refire esta orde, a Consellería de Xustiza, Interior e Admi-